

**ACTA DE VALORACIÓN E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO
PROCEDIMENTO XERAL DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA
DP-0512 DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO (ACTECA)**

En Santiago de Compostela, sendo as 13 horas do día 11 de abril de 2017, reúnese no domicilio social da compañía mercantil Xestión do Solo de Galicia – Xestur S.A., a Mesa de Contratación para o procedemento xeral do contrato de obra de acondicionamento da estrada DP-0512 do Parque de Actividades Económicas de Arteixo, para realizar a valoración das propostas e a proposta de adxudicación do contrato, que será elevada ao órgano de contratación.

Preside a Mesa de Contratación, María Doporto Santos, Coordinadora da U.T. Norte de Xestión de Solo de Galicia, actuando como Vocal, polo departamento técnico, Fernando López Bellón e como Secretaria, María Alonso Silva, membro do departamento xurídico.

Realizada a apertura das 28 propostas presentadas o pasado 24 de marzo, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 28 de marzo estimou que a oferta presentada polo participante CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L. podía ser considerada oferta anormal ou desproporcionada, aplicando os criterios do artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas previstos no prego da licitación, polo que, acordou dar audiencia ao licitador e solicitar a xustificación da oferta considerada anormal ou desproporcionada

A Secretaria da Mesa de Contratación recibe, dentro do prazo concedido, a documentación xustificativa da oferta presentada por CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L. que traslada ao técnico que forma parte da Mesa para o seu exame. O técnico que forma parte da Mesa solicita aclaración da documentación presentada polo licitador e emite informe en data 11 de abril de 2017 considerando xustificada, en base aos criterios do artigo 152 do TRLCSP a baixa económica ofertada por CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta o informe técnico, a Mesa de Contratación estima suficientemente xustificada a oferta presentada polo licitador e considera que dita oferta non debe ser rexeitada. De acordo co cadro de puntuación que se xunta á presente acta como anexo, propón que a oferta máis vantaxosa para a adxudicación do contrato é a presentada pola empresa **CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L., por importe de 821.989,80 €**, elevando dita proposta de adxudicación ao Consello de Administración de Xestur, por ser o órgano de contratación competente para o rexeitamento ou non das ofertas anormais ou temerarias e para a adxudicación do citado contrato.

PRESIDENTE

Asdo.: María Doporto Santos

SECRETARIA

Asdo.: María Alonso Silva

VOCAL

Asdo.: Fernando López Bellón

ANEXO: CADRO PUNTUACION

| | LICITADOR | OFERTA | PUNTUACIÓN |
|----|---------------------------------|----------------|------------|
| 1 | TABOADA Y RAMOS | 821.989,80 € | 100 |
| 2 | UTE VIPECA-RECURSA | 871.166,46 € | 94,36 |
| 3 | ALVAC | 887.126,16 € | 92,66 |
| 4 | ASOGAL | 892.705,57 € | 92,08 |
| 5 | OCA | 893.613,85 € | 91,98 |
| 6 | FRANCISCO GOMEZ | 894.994,00 € | 91,84 |
| 7 | OVISA | 905.900,00 € | 90,74 |
| 8 | EULOGIO VIÑAL | 925.144,00 € | 88,85 |
| 9 | MISTURAS | 939.287,16 € | 87,51 |
| 10 | EXTRACO | 944.996,32 € | 86,98 |
| 11 | JOCA ING Y CONST. | 945.904,60 € | 86,90 |
| 12 | UTE PRACE .CONSTR. SAN EMETERIO | 958.231,20 € | 85,78 |
| 13 | ACCIONA | 965.108,15 € | 85,17 |
| 14 | PAVIMENTOS MORALES | 1.007.018,60 € | 81,63 |
| 15 | PONCIANO NIETO | 1.027.779,19 € | 79,98 |
| 16 | CANARGA | 1.039.327,27 € | 79,09 |
| 17 | LANCER | 1.063.072,20 € | 77,32 |
| 18 | OGMIOS | 1.067.743,00 € | 76,98 |
| 19 | FERROVIAL | 1.080.329,45 € | 76,09 |
| 20 | VIVIENDAS Y OBRAS CIVILES | 1.087.336,15 € | 75,60 |
| 21 | SAN JOSE | 1.089.282,45 € | 75,46 |
| 22 | LOPEZ CAO | 1.101.609,06 € | 74,62 |
| 23 | ARIAS INFR. | 1.109.216,77 € | 74,11 |
| 24 | COPASA | 1.117.049,75 € | 73,59 |
| 25 | BASCUAS 2008 | 1.119.774,58 € | 73,41 |
| 26 | LEONARDO MIGUELEZ | 1.139.497,00 € | 72,14 |
| 27 | CRC | 1.165.058,62 € | 70,55 |
| 28 | API MOVILIDAD | 1.210.083,16 € | 67,93 |

PRESIDENTE

Asdo.: María Doporto Santos

SECRETARIA

Asdo.: María Alonso Silva

VOCAL

Asdo.: Fernando López Bellón